



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## Decreto da Alcaldía do 18 de novembro de 2015

### Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación da subministración de “Proxecto LMTS, CT Y RBTA Campo de Fútbol “As Extremas” a adxudicar polo procedemento negociado sen publicidade.

Visto que a oferta presentada pola empresa Moncosa OHS S.A. resulta ser a economicamente mais ventaxosa non incurso en temeridade obtendo a seguinte puntuación (9 puntos; 6 prezo + 1 prazo de execución + 2 melloras) rexeitándose as proposicións presentadas por Instalaciones eléctricas Terca SLU, Salvador Cores S.L. e Elecnor S.A. ao superar as súas ofertas o prazo de execución establecido polo prego de cláusulas administrativas particulares (UN MES) de acordo co seguinte detalle,

EMPRESA	PREZO	PRAZO DE EXECUCIÓN	MELLORAS
Moncosa OHS	41238,86 €	25 DIAS	2 melloras
Terca SLU	40720,13 €	80 DIAS	3 melloras
Salvador Cores sl	43408,75 €	90 DIAS	3 melloras
Elecnor SA	38546,31 €	77 DIAS	3 melloras

Visto que Moncosa OHS S.A. cumprimentou o requirimento efectuado polo órgano de contratación aportando a documentación prevista no artigo 20 do prego de cláusulas e a garantía definitiva do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro

### RESOLVO:

1. Adxudicar o contrato de subministración de “**LMTS, CT E RBT CAMPO DE FUTBOL AS EXTREMAS**” á empresa Moncosa OHS S.A. de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

A) Oferta Económica: 41238,86 €

B) Prazo de Execución: Vintecinco días naturais

C) Melloras:

C.1. Peche do entorno do CT, con panel tipo hércules, pantalla vexetal e portalón similar aos existentes no campo de fútbol.



C.3.Dotación de alumado exterior na zona de acceso á caseta do transformador

2.Requirir a Moncosa OHS S.A. para que proceda á presentación do Plan de seguridade e saúde no traballo dentro do prazo de cinco días a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación do contrato.

3.Informar á empresa Moncosa OHS S.A. de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a formalización do contrato dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación na data e hora que se lle determine ao efecto.

4.Informar ás empresas Terca SLU, Salvador Cores S.L. e Elecnor S.A. que as súas proposicións foron rexeitadas ao superar o prazo de execución ofertado ao establecido polo prego de cláusulas administrativas particulares (UN MES)

5.Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 18 de novembro de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

